



RESOLUCIÓN DO DEPARTAMENTO TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DO MAR EN VIGO, POLA QUE SE PUBLICA A LISTA PROVISIONAL COAS PUNTUACIÓNS DAS EMBARCACIÓNS ADMITIDAS NO PROCESO DE ELABORACIÓN DA LISTA PARA O INCREMENTO DE COTAS DE CAPTURA PARA AS EMBARCACIÓNS INCLUÍDAS NO PLAN DE XESTIÓN DO RECURSO ESPECÍFICO DE PERCEBE DENDE EMBARCACIÓN, DA CONFRARÍA DE PESCADORES DA GUARDA APROBADO PARA O TRIENIO 2025-2027

ANTECEDENTES

1. A Orde do 19 de decembro de 2024 aproba os plans de xestión para recursos específicos e algas en Galicia para o trienio 2025-2027.

De conformidade co expediente de aprobación do plan de xestión de percebe dende embarcación, da confraría de pescadores da Guarda (PE401A 2024/46-5), estableceuse un número máximo de 17 embarcacións con 36 tripulantes habilitados con dereito a cota.

Unha vez finalizado o proceso de renovación dos recursos específicos para os anos 2025-2027 hai dezasete (17) embarcacións e vinte e oito (28) mergulladores con dereito a cota que exercen a actividade extractiva de percebe neste plan.

Na ficha do plan aprobado indícase que no caso de diminuír o nº de participantes no proceso de renovación, aumentarase o nº de embarcacións (primeiro semestre do ano).

2. O 12 de febreiro de 2025 (Rexistro de entrada nº 2025/385613) a entidade presentou solicitude para que se iniciase o proceso para a cobertura de habilitacións ata o número máximo previsto no plan.

3. Mediante resolución do 14 de febreiro de 2025 o Departamento Territorial da Consellería do mar en Vigo abriu o prazo de presentación de solicitudes para a elaboración da lista aberta para o incremento do número de cotas de captura das embarcacións incluídas no plan de xestión de percebe dende embarcación, da Confraría de pescadores da Guarda.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. O Decreto 153/2019 do 21 de novembro, polo que se regula o réxime de conservación e explotación dos recursos marisqueiros e das algas, establece no artigo 17.2 que cando o número de participantes sexa inferior ao máximo establecido no plan de xestión, o departamento territorial da consellería competente en materia de marisqueo incrementará anualmente o número de participantes no plan ata o máximo establecido, sen prexuízo das medidas de adaptación establecidas no artigo 21.

2. A Orde do 30 de decembro de 2015 pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia determina nos seus artigos 39 a 46, o procedemento para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas nun plan de xestión. No seu artigo 39 establece un sistema de lista aberta para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas nun plan de xestión na que a orde de prelación das embarcacións virá determinado pola puntuación obtida trala aplicación do baremo previsto no artigo 43.1.

3. Todas as solicitudes, cos requisitos sinalados nesta resolución, foron valoradas de acordo co baremo aprobado pola Resolución do 4 de maio de 2016, da Dirección Xeral de

Departamento Territorial de Vigo
Rúa Concepción Arenal, 8-4º andar
36201 Vigo (Pontevedra)
Tel.: 986817104
recursosmarinos.cmm.vigo@xunta.gal





Desenvolvemento Pesqueiro pola que se aproba o baremo para acceder ás modalidades de recursos específicos no permiso de explotación das embarcacións, así como para elaborar as listas e actualizar os méritos para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas nun plan de xestión de recursos específicos, modificada pola Resolución do 18 de maio de 2020 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro.

4. Este departamento territorial é o órgano competente para a elaboración e o control das listas, así como para a súa actualización e para comunicar o seu emprego de conformidade co establecido na sección 4ª do capítulo III e o artigo 52 da Orde do 30 de decembro de 2015, pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

De acordo con todo o anterior e co establecido na base 2.1 do anexo A da Resolución do 26 de setembro de 2023 pola que se abriu o prazo de presentación de solicitudes para a elaboración da lista aberta, este departamento territorial

RESOLVE:

1. Facer pública a lista provisional das puntuacións obtidas por cada unha das embarcacións admitidas para a elaboración da lista aberta para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas no plan de xestión do recurso específico de percebe dende embarcación, da confraría de pescadores da Guarda (anexo I)

2. As persoas interesadas poderán presentar alegacións ante o Departamento Territorial de Vigo da Consellería do Mar **no prazo de 15 días hábiles**, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución. As alegacións non se contestarán expresamente de xeito individualizado, aínda que, de selo caso, si se terán en conta para a puntuación definitiva.

3. Non hai embarcacións excluídas da lista.

O artigo 10 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, establece a obrigatoriedade para as persoas traballadoras autónomas de relacionarse a través de medios electrónicos no ámbito do sector público autonómico para os trámites e as actuacións que realicen no exercicio da súa actividade profesional. Por tanto, as alegacións, deberán presentarse por vía electrónica a través do formulario normalizado asociado á solicitude inicial do procedemento (achega de documentación separada da solicitude) ou ben a través do formulario de alegacións dispoñible nos modelos xenéricos da sede electrónica (PR004A). Para a dita presentación será necesario do Documento Nacional de Identidade electrónico (DNIE) ou calquera dos certificados electrónicos recoñecidos pola sede da Xunta de Galicia.

A presente resolución publicarase no taboleiro de anuncios do Departamento territorial de Vigo e na páxina web <http://mar.xunta.gal>. A resolución tamén se exporá, con carácter informativo no taboleiro de anuncios xefaturas comarcais de Pontevedra e Vilagarcía e da Confraría de Pescadores.

A directora territorial
María Elena Suárez Sarmiento

Departamento Territorial de Vigo
Rúa Concepción Arenal, 8-4º andar
36201 Vigo (Pontevedra)
Tel.: 986817104
recursosmarinos.cmm.vigo@xunta.gal



ANEXO I

CONFRARÍA DE PESCADORES DA GUARDA

RELACIÓN PROVISIONAL DE PUNTUACIÓNS DAS EMBARCACIÓNS ADMITIDAS NO PROCEDIMENTO PARA A ELABORACIÓN DA LISTA ABERTA PARA O INCREMENTO DE COTAS DE CAPTURA PARA AS EMBARCACIÓNS INCLUÍDAS NO PLAN DE XESTIÓN DE PERCEBE DENDE EMBARCACIÓ

Embarcación	Matrícula/Folio	Embarcación cunha só cota de captura C.1	Experiencia profesional armador C.2	Habitualidade da actividade pesqueira C.3	Total
ARNELES	VI-5-3-22	5	0	0	5,00
GALIZA I	VI-7-23-98	5	0,20	1	6,20
FREITAS S	VILL-1-2475	5	0,20	0	5,20
NUEVA TIBURÓN	VI-7-09-06	5	0,60	3	8,60
NOVO RAPOSO	VI-7-1-20	0	0,40	3	3,40
TARITA M	VI-7-8-06	5	0,40	2	7,40

Os epígrafes de cada columna son: (de acordo co apartado C do anexo I da Resolución do 4 de maio de 2016, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, polo que se aproba o baremo para accede ás modalidades de recursos específicos no permiso de explotación das embarcacións, así como para elaborar as listas e actualizar os méritos par o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas nun plan e xestión de recursos específicos, modificada pola Resolución do 18 de maio de 2020, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro)

Total: puntos acadados en total.

C.1: Embarcacións que só teñen unha cota de captura no plan de xestión: 5 puntos.

C.2: Experiencia profesional no sector da persoa armadora da embarcación. Terase en conta que a persoa armadora estivese enrolada como percebeiro (con habilitación) en embarcacións que contan coa modalidade. nos 2 anos anteriores á data da convocatoria: 0,2 puntos/mes completo.

A puntuación máxima total que se poderá obter nesta epígrafe será de 4 puntos.

C.3 Habitualidade da actividade pesqueira.

– Se a embarcación acredita ter realizado actividade extractiva entre 15-35% dos días que foron efectivamente autorizados para a extracción dentro do plan de xestión do ano natural inmediatamente anterior: 1 punto.

–Se a embarcación acredita ter realizado actividade extractiva entre 35,01-60% dos días que foron efectivamente autorizados para a extracción dentro do plan de xestión do ano natural inmediatamente anterior: 2 puntos.

– Se a embarcación acredita ter realizado actividade extractiva superior a un 60,01% dos días que foron efectivamente autorizados para a extracción dentro do plan de xestión do ano natural inmediatamente anterior: 3 puntos.

A puntuación máxima total que se poderá obter nesta epígrafe será de 3 punto

Departamento Territorial de Vigo
Rúa Concepción Arenal, 8-4º andar
36201 Vigo (Pontevedra)
Tel.: 986817104
recursosmarinos.cmm.vigo@xunta.gal

